



ANUNCIO

O Concello de Catoira, ao abeiro do PLAN MÁIS PROVINCIA 2024 da Deputación de Pontevedra, realizará durante o ano 2024 a contratación laboral de 9 traballadoras/es, a tempo parcial durante 7 meses, inscritas/os como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia:

NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	OCUPACIÓN	TITULACIÓN RQUIRIDA	CÓDIGOS A SOLICITAR NA OFICINA DE EMPREGO
6	PEÓNS OBRAS PÚBLICAS	NON SE REQUIRE	PEÓN OBRAS PÚBLICAS Código: 96011029
1	PERSOAL DE LIMPEZA	NON SE REQUIRE	PERSOAL DE LIMPEZA Código: 92101050
1	CONDUTORA/R	CARNÉ CONDUCIR C e CAP vixentes	CONDUTOR DE CAMIÓN Código: 84321042
1	PERSOAL ATENCIÓN CACTO	BACHARELATO, FPII ou equivalente	AXUDANTE DE MUSEO Código: 37331030

As/os candidatas/os serán preseleccionados pola Oficina de Emprego e, posteriormente, se realizará un concurso de méritos para a súa selección. O Concello de Catoira, segundo o estipulado nas Bases do PLAN MÁIS PROVINCIA 2024 – LIÑA 3 da Deputación de Pontevedra, daralle preferencia ás persoas dos seguintes grupos por esta orde:

- Persoas en desemprego de longa duración.
- Mulleres con baixa cualificación
- Maiores de 45 anos.
- Mozas/os, especialmente con baixa cualificación.
- Persoas con discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou condiscapacidade con maiores dificultades de inserción laboral.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Persoas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas/os ao seu cargo.
- Persoas con niveis de renda máis baixa.

En Catoira, na data da sinatura dixital

O Alcalde.

